

Libros recomendados da semana (novembro 2023)

Libros recomendados desta semana en Faro da Cultura.

<https://www.farodevigo.es/faro-cultura/2023/11/16/libros-recomendados-da-semana-94672733.html>

VV.AA.

16 NOV 2023 4:00

A posibilidade dunha vida

Conta a desmemoria

Pilar Ponte

Dende os anos 80, a Guerra Civil e mais o franquismo están presentes como subxénero literario no noso corpus literario, con textos tan notables como Agosto do 36 de Xosé Fernández Ferreiro; unha corrente que evoluciona ata constituír a denominada nova novela galega da memoria, xurdida ao inicio deste século e para a que agora sumamos Quen escribirá a miña historia?, unha magnífica e orixinal contribución de Iria Morgade.

A autora pontevedresa constrúe esta ficción a través de dous planos paralelos que coinciden na situación de confinamento dos seus protagonistas: o dun preso e mais os seus compañeiros no campo de concentración do mosteiro de Oia en 1936 e o dunha investigadora no seu apartamento por mor da COVID-19, no ano 2020. A partir de aí a historia vaise agrandando ao se ireb sumando as personaxes da redonda de cada un deles ata o punto en que rematan por conectar.

Sen ser unha novela romántica, é unha novela onde hai moito amor, moitos amores: o amor de Alba por Manuel, que a leva a gardar o segredo fronte ás súas conviccións; o amor de Eugenio por Joana, que perdura máis aló da morte na esperanza do reencontro; o amor que levaba unha semana tras doutra a mulleres a visitar ese cárcere de Oia sabendo que para ver os seus seres queridos terían que pasar antes polo sacrificio da violación, e o amor tenro da nena que agacha unhas floriñas na man do pai morto. Porén, trátase tamén dunha novela de culpas, a culpa dos verdugos no pasado mais tamén, no presente, a culpa dos calados en tanto que ocultadores coniventes dun pasado herdado do que non son responsables.

Resulta moi interesante como a escritora insire ao comezo de cada parte do relato un fragmento do discurso político da desmemoria para poñelo de fronte ao que foron os feitos, a esa Galicia

onde propiamente non existiu guerra civil en canto contenda bélica e a barbarie só se pode explicar a través do exterminio. E a obra remata cunha nota da autora onde nos dá conta polo miúdo de toda a xénese do relato, a descuberta dos textos e pinturas nas paredes por Javier Costas, a procura da propia Iria e finalmente a creación desta novela que converte en ficción a vida e a morte dun home e dun nome descoñecidos. Así, a autora (re)constrúe a posibilidade dunha vida, a de Eugenio Blanca, e arríncaa desa parede para lle ofrecer unha outra existencia, mais tamén un resarcimento literario.

Iria Morgade agasállanos cunha obra tan fermosa como triste, como lle acontece á beleza do mosteiro de Oia, unha novela sobrecolledora e ao tempo liberadora porque a xustiza histórica é o único camiño que nos redime dos pecados do pasado, sexan propios ou alleos, e nos permite, xa sen débedas, mirar á fronte.

Quen escribirá a miña historia?

Iria Morgade Valcárcel

Galaxia, Vigo, 2023, PVP. 20,75€

Mirar a través do soño

Singular e reveladora ollada

Oriana Méndez

A xornalista Carmen Villar Alonso presenta en *Os mil e un días* unha escolma de poemas e fotografías (fotopoemas, se o tomamos coma un conxunto) que percorrern unha viaxe cara ás reviravoltas da memoria a través dunha subxectividade que procura a introspección nunha sorte de existencialismo do cotián.

É posible que o lectorado de FARO DE VIGO coñeza a Carmen Villar por ser unha das súas destacadas redactoras que, ademais, asina a columna “Que din as rumorosas?”. Ou poida que a coñecida sexa Carmen Milmanda, o pseudónimo que empregaba -e segue a empregar- a artista para publicar os seus poemas nas redes sociais antes de que vise a luz esta antoloxía publicada por Xerais. Un híbrido de dar a coñecer a obra que é un trazo cada vez máis habitual e característico dos tempos: lembremos a excelente biografía de Xela Arias que o escritor Manuel Bragado foi publicando en Twitter ao longo do ano das Letras Galegas dedicado á poeta viguesa, ou tamén o fío que a escritora Leticia Costas encetou para apuntar, caseque día por día, algunhas impresións, avances ou estancamentos no proceso de escrita da que probablemente será a súa vindeira novela. Os novos métodos interpélannos.

Sexa como for, en *Os mil e un días* recóllense unha serie de poemas breves que tenden ao aforismo ou á revelación dalgunha contradición ou paradoxo vital expresado de xeito esencial, en poucas palabras. Trátase dunha serie de textos numerados que chegan ata o 111+1, todos acompañados por cadansúa imaxe evocadora vinculada a algún detalle da natureza, viva ou morta, universal e tamén concreta, como a inconfundible ría de Vigo.

A ollada persoal de Villar sobre as cousas externas e as emocións internas tamén está no feito -biográfico- de ser filla da emigración, pois algúns dos seus poemas aparecen bilingües, en alemán ou francés e acompañados da súa tradución ao galego. Unha aproximación moi singular e reveladora ao abraio do mundo: “o mundo estaba do trinque / pero xa tiña unha fenda”.

Os mil e un días

Carmen Villar Alonso

Xerais, Vigo, 2023, PVP. 12,30 €

"Á nobre Lusitania..."

Imprescindible ensaio

Lucía Seoane

"Á nobre Lusitania / os brazos tende amigos, / que os eidos ven, antigos, / con un punxente afán; /e cumpre as vaguedades / dos teus soantes pinos / duns máxicos destinos, / oh grei de Breogán!". No seu poema "Os pinos" -así como noutros diversos textos- Eduardo Pondal, desde un reiterado proxecto de liberación e de irmandade ibéricas, cantou a fraternidade e mais a concordia entre galegos e portugueses, unidos especialmente por compartiren ambos pobos os "máxicos acentos" dunha vella "fala harmoniosa". Mais non foi o único, o autor de Queixumes; por exemplo, na outra beira do Miño, Afonso Lopes Vieira atreveuse a chamar aínda polo "retorno" de Galicia ao "destino común": "O'Galiza, Galiza dos verdes prados/deixa Castela e vem a nós!" e alentar deste xeito un certo irredentismo.

En todo caso, e tal e como precisamente leva por título un dos capítulos do libro que hoxe traemos ás páxinas de FARO DA CULTURA -Galicia e Portugal.Irmandade e fronteira, de Ramón Villares (Galaxia)-, Portugal pasou, no transcorrer da nosa historia, desde impeler un sentimento de desdén, que Villares explica por causa das guerras fronteirizas no século XII, ata constituír, xa a fins do XIX e nas primeiras décadas do XX, un verdadeiro referente para o emerxente movemento nacionalista galego.

"A terra dos galegos", "Unha cultura cristiá de Occidente", "Rexurdimento cultural e político"... tales son algúns dos trece apartados -o último eles, "Fronteira e cooperación"- que compoñen o volume que comentamos.Ao longo deles, o profesor Villares leva a cabo un atractivo percorrido polas relacións galego-portuguesas ao tempo que deseña un futuro posible para as mesmas dentro das novas coordenadas do século XXI. En fin, un ensaio que cabe xulgar como imprescindible.

Galicia e Portugal. Irmandade e fronteira

Ramón Villares

Galaxia, Vigo, 2023, PVP. 16 €

Sorprendente final

Para tardes de néboa e chuvia

Xose Feixó

A Editorial Galaxia vén de publicar a última novela deLuís Manuel García Mañá (Ourense, 1950), In articulo mortis. O polifacético escritor (policía, político, promotor cultural...) achéganos outravolta ao xa mítico lobishome, licántropo ou home lobo, Manuel Blanco Romasanta, que deu moito que falar, escribir, contar e elucubrar.

Desta andaina, antes de falecer ben lonxe o sonado lobishome, no presidio de Ceuta, en 1863, o capelán do centro atendeuno in articulo mortis, recibíndolle confesión antes de lle dar a extrema unción dos enfermos, cousa que se espallou tras o Concilio Vaticano II. Despois de colgar os hábitos, por expulsión, non voluntariamente, o cura fíxose xuíz, e, xa na Audiencia de Ourense, atopa a historia de Romasanta, cuxo proceso estuda a fondo para coñecer con precisión que motivos o levaron a manifestar a súa transformación en lobo, estado no que, ao seu dicir, cometía os asasinatos. Na trama ocorren multitude de cousas, con amores, viaxes, curandeira e final dramático.

Trátase, pois, dunha historia novelada que tenta descubrir se algún hipotético axente externo, como o alucinante cornizó, puido alterarlle a conciencia ao home, para que se crese lobo. Xunto a este nó, ou arredor del, técenase tramas e historias e personaxes que, en construción habilidosa, fan a lectura agradable e interesante, e conseguen que o lector debulle as páxinas ata o final, cun remate tal vez sorprendente. Entre tanto, a vida discorre arredor do maxistrado e a súa propia historia: Petela, que vai de criada á súa casa e acaba como a súa esposa -un amor de vello con rapaza nova-, e no medio, a sogra, Ramona, muller calada pero obradora. Lectura para tardes de néboa e chuvia.

In articulo mortis

Luís Manuel García Mañá

Galaxia, Vigo, 2023